

UNIDADE DIDÁCTICA PROYECCIÓN DE “A LUS DO MUNDO” GUÍA DO PROFESOR

SINOPSE

¿Un poeta nace ou faise? Esta é unha das preguntas que os alumnos do instituto de Guitiriz tratan de responder neste documental sobre o poeta Xosé María Díaz Castro, quen creceu rodeado das mesmas paisaxes que eles e se iniciou cos versos cando aínda era un rapaz, tamén coma eles. Mesturando entrevistas e poemas musicados, esta curta destaca a vixencia da obra de Díaz Castro e aporta unha mirada fresca sobre a poesía, destacándoa como unha maneira de aferrarse ó mundo e sentirse vivo.

Xénero: Documental musical

Duración: 15 min

Foemtao: Vídeo HD

Idioma: Galego

Produción: IES Poeta Díaz Castro 2013

Distribución: Creative Commons



DURACIÓN DA ACTIVIDADE

45 minutos

NECESIDADES TÉCNICAS

- Proxector e equipo de sonido
- Ordenador con Adobe Reader
- Conexión a Internet

OBXECTIVOS

Descubrir ó autor Díaz Castro ós alumnos

Facilitar a comprensión do documental

Introducir á poesía con propostas lúdicas

DINÁMICA


Presentación, visualización do documental e actividades cos alumnos divididos por cores.

MÁIS INFORMACIÓN

www.alusdomundo.com

¿un poeta nace ou faise?

A pregunta coa que construímos este documental e que empregamos como invitación para velo.

imos velo 

Este é un enlace directo ó documental en Youtube. Recomendase telo precargado ou descargalo antes de a nosa web.

¿QUE SABEMOS DE DÍAZ CASTRO?

- ¿Onde naceu?
- ¿Cantas linguas falaba?
- ¿A que se adicaba?
- ¿Cantos libros publicou?
- ¿Escribiu máis?
- ¿Que é un nimbo?

Despois da visualización proponemos un breve cuestionario con datos básicos da vida de Díaz Castro.



- | | |
|--------------------------|--------------------------------|
| ¿Onde naceu? | Nos Vilares, Guitiriz |
| ¿Cantas linguas falaba? | Sobre 14 linguas |
| ¿A que se adicaba? | Era tradutor |
| ¿Cantos libros publicou? | Un único poemario |
| ¿Escribiu máis? | Si, pero están inéditos |
| ¿Que é un nimbo? | Un aura de luz |

Despois de cada páxina con preguntas hay unha seguinte coas respostas. Ó ser un PDF só hai que avanzar

¿QUEN O DIXO?

"A infancia é a patria dun, son as raíces e queirámolo ou non, van con nós"

"A poesía é como agarrar a vida e dicir: eh! que nós estamos aquí e estamos pensando e sentindo isto... "

As seguintes actividades son para analizar os contidos do documental identificando quen dixo que cousas.



"A infancia é a patria dun, son as raíces e queirámolo ou non, van con nós"

Alfonso Blanco

"A poesía é como agarrar a vida e dicir: eh! que nós estamos aquí e estamos pensando e sentindo isto... "

Marica Campo

Igual que no anterior, as respostas están na seguinte páxina.

¿CAL FOI A PREGUNTA?

"El quería ser un poeta
en galego, apostou polo
noso idioma"

"Que faga un autor imprescindible da
nosa literatura a un home dun so libro,
é porque este libro é moi poderoso..."

As cores de cada bloque de pregunta está pensado para que responda algún dos rapaces dese grupo de cor



"El quería ser un poeta
en galego, apostou polo
noso idioma"

¿Por que publicou so poemas en galego?

"Que faga un autor imprescindible da
nosa literatura a un home dun so libro,
é porque este libro é moi poderoso..."

¿Por que Nimbos é importante?

Esas cores poden repartirse colocando tarxetas desa cor en cada asento antes de que senten os escolares

¿QUE RESPONDERÍAS TI?

¿Un poeta nace ou faise? ¿Por que?

¿Como foi a infancia dos teus avós?

Describe un lugar poético ¿Por que ese?

¿Onde ves ti nimbos de luz?

Estas últimas preguntas son para xenerar un pequeno debate ou motivar a opinión do alumnado

¿SOMOS POETAS?

A DO NUNHA
BÁGOA É ARDE A
MUNDO LUS QUE

**Intentamos poñer "orde" neste verso ?*

Para continuar, proponemos uns xogos con versos de Díaz Castro. Neste caso para ordenar un verso



A DO NUNHA
BÁGOA É ARDE A
MUNDO LUS QUE

"A LUS DO MUNDO É A QUE ARDE NUNHA BÁGOA"

As solucións están sempre, na páxina seguinte.

¿ATOPÁMOSLLE O SENTIDO?

ESTES non son cancións, nin cimentos
de poemas siquera. Son fragmentos
de min mesmo atopados,
coma ventos fuxidos,
por novos camiños esquencidos:
Díaz Castro perdido no treito
dun recordo moi curto, colleito
por un anxo e salvado
nalgún intre de amor descuberto!

*Este non é o poema orixinal.
Seis palabras foron cambiadas
Serías quen de dar con elas?*

- Coma ventos fuxidos -

Neste poema hai palabras que non corresponden. Pódese axudar facendo unha lectura en alto do poema.

¿SABEMOS RIMAR?

Un paso adiante i outro atrás, Galiza
i a tea dos teus soños non se move.
Aran os bois e chove.

Un bruar de navíos moi lonxanos
Pro ti envólveste en sabas de mil anos,
e en sonos volve a escoitar a chuva.

Traguerán os camiños algún día
a xente que levaron. Deus é o mesmo.
Suco vai, suco vén, Xesús María !

Desorballando os prados como sono,
o Tempo vai de Parga a Pastoriza.
Váise enterrando, suco a suco, o Outono.

e toda cousa ha de pagar seu desmo.

A esperanza nos teus ollos se esperguiza.

Un paso adiante i outro atrás, Galiza !

che estrela o sono moi como unha uva.

Penélope

Completa o poema cos versos que faltan

Neste caso, hai que colocar os versos no poema cunha pauta de rima.

e para rematar...

Páxina de transición

¿cantamos? 

Enlaza a un vídeo de Youtube co karaoke cunha das cancións do documental. Para que cantedes!

¿queredes máis?

Para pechar a actividade, vos diriximos á nosa web onde se pode descargar o documental, a música, etc



A LUS DO MUNDO
REDESCUBRINDO AO POETA DÍAZ CASTRO

www.alusdomundo.com 

O enlace está activo por se queredes entrar nela.

GRACIAS!